

AER CRITICA A INTENCIONADA DEIXADEZ DO GOBERNO LOCAL NO PROCESO DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS

Despois de que no anterior mandato quedara clara a intención por parte de tódolos grupos políticos representados no pleno de avanzar no proceso de revisión, para a posterior modificación, do regulamento dos consellos parroquias. Quedando á súa vez o goberno local como responsable de traballar, recoller aportacións e sintetizar todas estas para presentar unha proposta de novo regulamento para debater sobre el; atopámonos que neste mes de setembro estanse convocando os primeiros consellos parroquiais do novo mandato pero sen tan sequera mencionar este importante punto na orde do día.

Dende AER criticamos esta deixadez de funcións intencionada, esquecéndose por completo de asumir a súa responsabilidade de avanzar no proceso de modificación do susodito regulamento, transparente e participativa. Vai pasando o tempo e a cuestión vai quedando no esquecemento do goberno local, chegando á conclusión por parte da Agrupación de Electores de Redondela, que o Partido Popular e o goberno local non teñen interese en avanzar neste proceso que de seguro traería consigo modificacións substanciais e reiteradamente demandadas pola veciñanza no último tramo do anterior mandato.

Úrxese dende AER a que nos vindeiros consellos parroquias se inclúa nas ordes do día o debate sobre a modificación do regulamento, e mesmo que se fagan foros participativos abertos á veciñanza de debate sobre as propostas recompiladas. AER ademais insta ao goberno local a que non sexa selectivo no cumprimento das mocións aprobadas en pleno, como é o caso, camiño que dista moito do que tería que seguir un goberno serio, eficiente e á altura da veciñanza de Redondela.

Redondela, 27 de setembro de 2015